

Os coros históricos conservan o patrimonio da música popular

LUNES, 25 DE JULIO DE 2011 00:00 REDACCIÓN



redacción > a coruña

Ao longo dos anos, mesmo dos séculos, moitos grupos distribuídos polas vilas e cidades galegas traballaron ou traballan na recuperación e conservación de antigas cantigas, danzas, ditos, melodías, obras de teatro popular, mesmo traxes, que non só reproducen, mantendo deste xeito a súa vixencia, senón que divulgan no territorio galego e alén del.

Os catro coros históricos representan a varias xeracións –prácticamente tantas como aglutina un século– de entusiastas da música e da cultura popular. Xentes dispares no tempo e na condición que tiveron conta de que as pegadas dos seus devanceiros non se esvaecesen. E iso, movidos por un impulso vocacional, alleo ás industrias da cultura.

As súas voces foron das primeiras que soaron en galego nas gravacións musicais primixenias, que hoxe son grandes tesouros da historia da música e a lonxevidade destes grupos permítenlles aos seus membros recoller o traballo dos compañeiros precedentes e dispor dun material tan inxente coma valioso.

Toxos e Froles > A decana destas agrupacións é o Real Coro Toxos e Froles, de Ferrol. O seu nacemento está vencellado á figura de Manuel Lorenzo Barxa, o gaitero máis antigo dos que se ten noticia na cidade departamental, que era operario do Taller de Forxa do Arseal.

A principios do século XX existía unha orquestra de pulso e púa moi prezada polos ferroláns, Airiños da Miña Terra, que en 1907 fixo unha xira por Cataluña. Nesta xira o grupo estivo acompañado por un coro galego vestido con traxe rexional, integrado por 19 coralistas, dúas parellas de baile, un tamborileiro e un gaitero, que era Manuel Lorenzo Barxa.

A partir desa experiencia, Barxa comeza a barallar a posibilidade de crear un coro galego en Ferrol, animado por unha figura indispensable na historia da música tradicional galega como é Perfecto Feijóo Poncet. O coro faise realidade no ano 1915. Primeiro chamábase “Coro Feijóo Toxos e Froles” –como homenaxe a Perfecto–, simplificándose despois en “Toxos e Froles”, e comeza a ensaiar nos locais de Airiños da miña Terra.

Na actualidade a agrupación, que ten a súa sede e o seu arquivo na rúa da Magdalena, conta con escolas folclóricas –o mesmo que Cántigas da Terra e Cantigas e Agarimos–.

Cántigas da Terra > Cántigas da Terra xorde na Coruña a finais de decembro de 1916 –o mesmo ano en que nace a primeira Irmandade da Fala tamén na Coruña– e preséntase no teatro Rosalía de Castro en 1917 con Mauricio Farto Parra, un dos fundadores do grupo, como director. Farto Parra era un músico nado en Valladolid, pero de orixe galega, que desenvolveu un labor intenso de investigación da música tradicional galega e de composición.

Esta agrupación estivo vencellada dende a súa creación ao Concello coruñés, o que lle permitiu manter o seu nome e a súa independencia á marxe dos cambios políticos. Como anécdota coméntase que nas súas actuacións diante de Franco a cinta da bandeira de Galicia que lucían levaba no seu reverso as cores da bandeira republicana, cousa que o ditador, por sorte para eles, nunca soubo.

Esta tranquilidade foi fundamental para a conservación do seu arquivo, o mellor de Galicia no eido da música popular. O feito de que o coro tivera continuidade e independencia dende o seu nacemento ata hoxe foi moi importante para que non se perdesen materiais. Gracias a esa

circunstancia agora o arquivo conserva máis de 200 partituras orixinais dos primeiros anos do grupo.

A iso únese diverso material gráfico e mesmo escenografías, é dicir, conxuntos de decorados, entre eles, algúns de Camilo Díaz Baliño e de Iglesias Roura.